

INFORMACIÓN 4º EP INICIO CURSO ESCOLAR 2020/2021

AVISO IMPORTANTE

Na páxina web do colexio colgouse información importante sobre o inicio de curso. Nesa información está incluída unha DECLARACIÓN conforme recibistes a información pertinente, que cada familia deberá traer asinada o primeiro día de curso. Aquelas familias que non poidan imprimir esta declaración, terán o modelo impreso nunha mesa á entrada do recinto escolar nos días anteriores ao inicio das clases.

INICIO DAS CLASES

As clases comezarán os días 11 e 14 de setembro en función do nivel educativo, por ser o 10 de setembro festivo local.

O alumnado de 4º de EP empezará o luns 14 de setembro no horario que vos exporemos a continuación.

HORARIO PARA O LUNS 14 DE SETEMBRO

Con respecto ao alumnado de 4ºEP que veña en transporte escolar, o luns 14 de setembro, o transporte escolar recollerá ao alumnado na parada que teñen solicitada nos horarios habituais. Este alumnado chegará á escola ás 8:30h e estará na súa aula xunto co seu profesor titor/a ata que chegue o resto do alumnado ás horas establecidas. Os horarios de saída serán os de todo o curso .

Ás 12.30h incorporárase o alumnado de 4ºEP pola entrada que está do lado do pavillón. Agardaredes no peirao, fóra do recinto ata que vos chamemos. **É obrigatorio o uso de máscara, respectar a distancia de seguridade e só un acompañante, que non sexa unha persoa de risco, por alumno/a.**

A hora de saída será ás 13.35h. pola porta do lado do pavillón.

- **4ºA: sairá polo lado dereito mirando ao mar**
- **4ºB :sairá polo lado esquerdo mirando ao mar.**

HORARIO ESCOLAR PARA OS VINDEIROS DÍAS

O horario escolar queda do seguinte xeito, adiantándose dez minutos a saída, para evitar aglomeracións.

Entrada: 8:30h.-8:45h.

Saída: 13:35h. 4ºA (Porta do pavillón lateral dereito mirando ao mar).
4ºB (Porta do pavillón lateral esquerdo mirando ao mar).

Os titores permaneceremos nas aulas a partir das 8:30h, para recibir ao alumnado que se traslade en transporte escolar, evitando a permanencia no patio ata o comezo das clases. O resto do alumnado, que non use os autobuses para o seu traslado, chegará ao colexio entre as 8:30h e as 8.45h e subirá ás aulas.

Utilizaremos os seguintes tramos horarios para as actividades:

- **Recreo:** 11.05 h.-11:25 h .Os recreos serán no patio superior ou no pavillón no caso de mal tempo, participarán só 4º A e 4º B, respectando os “Grupos Estables” e utilizando as máscaras
- **Parva (merenda) e Hora de ler:** 11:25 h.-12:05 h.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas. Por iso, só deberá vir un acompañante por cada alumno ou alumna e será fundamental a puntualidade, non se debe chegar demasiado cedo nin tarde.

IMPORTANTE: O alumnado de EP non poderá acceder ao recinto escolar acompañado.

MATERIAL QUE PRECISA TRAER O ALUMNADO DE 4ºEP

O primeiro día de clase, 14 de setembro, o alumnado de 4º de EP precisa traer: mascarilla, mochila, unha bolsa de tea con dúas caixas de panos de papel, un caderno, unha carpeta tamaño folio e un estoxo con material para escribir e colorear.

Todos os días, o alumnado de E.P, debe utilizar máscaras cirúrxicas ou hixiénicas. Pola saúde de todos e todas é altamente recomendable que as máscaras ou os seus filtros estean homologados ou sigan a normativa correspondente. Deberán traer unha posta da casa e outra para cambiar logo de tomar a parva. A máscara de recambio deberá vir gardada de xeito independente nun sobre de papel ou recipiente que cumpra as recomendacións do Ministerio de Sanidade. Deberán traer outro recipiente ou sobre como o anterior, para gardar a máscara se fose preciso nalgún outro momento da mañá. A imposibilidade de uso de máscara deberá ser acreditada polo/a pediatra ou facultativo da persoa obrigada.

Para os vindeiros días, debido á situación actual provocada pola COVID-19, cada alumno/a terá o seu material nas súa mesa e cadeira (mochila, estoxo, caixoneira,...) e a poder ser todo o material deberá estar identificado co nome do alumno/a, xa que non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.

Dito isto, o alumnado terá que traer el levar o material que precise para cada día segundo as materias que teña establecidas no seu horario. É recomendable que sempre teñan na mochila, ademais dos libros e libretas que precisen para ese día, o seguinte material:

- 1 estoxo grande, non ríxido e de cremalleira con:

- 1 afialapis con recolledor.
- 1 lapis NORIS do nº. 2.
- 1 barra de pegamento.
- 1 gomas de borrar.
- 1 bolígrafo azul e outro vermello.
- Unhas tesoiras.
- 1 caixa de ceras duras PLASTIDECOR de 12 cores.
- 1 caixa de rotuladores de 12 cores.
- 1 xogo de regras (escuadro, cartabón, regra e transportador).
- 1 compás.
- 1 carpeta de gomas tamaño folio.

Na aula, o único material que teremos sempre será:

- 1 carpeta tamaño folio para gardar fichas e traballos.
- 1 paquete de 100 folios DIN A4.
- 2 caixas de panos de papel. **Para este curso solicitamos que traian da casa unha bolsa de tea** que quedará colgada na mesa de cada alumno/a, na que terán as caixas de panos de papel para o seu uso persoal.

Axendas

O primeiro día, o titor/a entregará unha axenda a cada alumno/a. **Teñen que cubrila na casa cos datos actualizados de enderezo e teléfonos en caso de urxencia.**

A axenda **deben tela sempre na mochila**. Serve de intercambio de información entre a familia e o profesorado e deben estar debidamente cubertas cos datos persoais. Se normalmente van en autobús e algún día veñen a buscalos, é importante que se anote na axenda.

Alerta escolar, alerxias,...

En secretaría debe haber constancia das alerxias ou doenzas de cada neno ou nena. Na aula tamén se deixará a información correspondente, para que o profesorado especialista e substituto teñan coñecemento da situación sanitaria do alumnado.

É importante destacar que se no centro debe constar algún medicamento, este deberá permanecer no botiquín de medicamentos e firmar unha autorización para a administración dos mesmos.

Nas saídas escolares o profesorado acompañante levará a medicación, segundo a autorización correspondente.

TITORÍAS

A finalidade da titoría é favorecer a integración nos procesos de aprendizaxe, en colaboración coa familia, xa que a educación é un largo camiño que se inicia na casa e continúa no colexio, pero non se pode levar a cabo correctamente, se non hai un traballo

común entre ambas partes, por iso se debe compatibilizar a educación familiar coa da escola, creando unha canle conxunta que fomente a aprendizaxe escolar.

Pola circunstancias actuais, **durante o curso non se levarán a cabo titorías presenciais, salvo situacións excepcionais que así o requiran. As titorías farémolas mediante chamada telefónica, videoconferencia ou Abalarmóbil.**

A educación familiar é a base que inflúe e sustenta o ensino formal e académico, razón pola cal desde a Titoría vos presentamos unhas suxestións de traballo que podeades levar a cabo dende a casa.

Traballo en familia:

- Crear hábitos hixiénicos e alimenticios que favorezan a súa saúde. Suxerimos que se continúe coa programación semanal da Merenda Escolar establecida o curso pasado.
- Procurar ter un sitio onde poder traballar, que non haxa ruído e poidan escribir e ler con tranquilidade.
- A elaboración dun horario en común cos nenos e nenas de tempo de estudo, de lectura e de actividades de lecer, vai poñendo os cimentos do traballo que terán que facer no futuro. O horario debe contemplar unha hora estable para deitarse cedo e poder render axeitadamente no colexio.
- Falar con eles e elas, razoar, escoitar e orientalos/as para que sexan responsables .

Hábitos:

É importante que continúen adquirindo hábitos que lles fagan máis autónomos e autónomas, como organizar a súa mochila, tendo en conta que este curso o material escolar é individual e debe ser trasladado ao colexio diariamente.

Pontedeume 11 de setembro de 2020

TITORA 4º A, Lydia Seijo Martínez
TITOR 4º B, Fernando Manuel Fraga Vázquez

GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN!!!

XUNTAS E XUNTOS SAIREMOS ADIANTE!!!